

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN  
DATA 2 DE ABRIL DE 2009.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

Dª Rocío Rey Sampayo (incorporase á sesión despois de prometer o seu cargo como concelleira).  
Dª Mª del Carmen Silvar Canosa.  
Dª Amalia García Balado.  
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D. Juan Manuel Lourido González,  
Dª Rita María Couto Seijido  
D. Manuel Polo Gundín.  
Dª Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Edgar Antonio Vigo López  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
Dª Rocío Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
Dª Mª del Pilar Fornos Corral  
D. Manuel Sánchez Martínez.

**Interventora:**

Dª Cristina Morán Monzo.

**Secretaria:**

Dª Pilar María Pastor Novo.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e sete minutos do día dous de abril de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dª Rocío Rey Sampayo (incorporase á sesión despois de prometer o seu cargo como concelleira), Dª Mª del Carmen Silvar Canosa, Dª Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dª Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dª Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dª Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona Mªdel Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal Dona Cristina Morán Monzo, e actúa como Secretaria Dª Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE DONA ROCÍO REY SAMPAYO.-**

Seguidamente dáse conta da credencial de Concelleira remitida pola Xunta Electoral Central en data de 11 de marzo de 2009 (entrada13-3-2009, rexistro núm. 3239) a favor de Dna. Rocío Rey Sampayo, do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido

Socialista Obrero Español, así como de que a Concelleira presentou as correspondentes declaracións sobre as causas de posible incompatibilidade dos bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo.

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente fórmulaselle a seguinte pregunta: ¿Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Fene, con lealdade ao Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?, ao que a Sra. Rey Sampayo resposta: si prometo.

Nestes momentos toma posesión como Concelleira do Concello a Sra. Rocío Rey Sampayo e se incorpora a esta sesión.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dálle a benvida a esta Corporación á Sra. Rey Sampayo e lle desexa os mellores éxitos no seu traballo.

## **2º.-DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 169/2009 DE DATA 6 DE MARZO DE 2009.-**

A continuación, dáse conta da Resolución da alcaldía núm. 169/2009 de data 6 de marzo de 2009, que transcrita literalmente di:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 169 / 2009**

Resultando que en data 27 de xuño de 2008 por resolución desta Alcaldía número 625/2007 acordouse nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/a Concelleiros/a Dona Rita María Couto Sejjido, Don Antón Lois Noceda Carballo, Don Manuel Polo Gundín e Don José Antonio López Rodríguez.

Atendido que o Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo renunciou ao seu cargo de Concelleiro desta Corporación, renuncia da que tomou coñecemento o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada en data 5 de marzo de 2009.

Considerando esta Alcaldía oportuno proceder ao nomeamento dun novo membro da Xunta de Goberno local á vista da renuncia do Sr. Noceda Carballo.

Considerando que corresponde ó Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, pola presente

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como membro da Xunta de Goberno Local ao Concelleiro, Don Juan Manuel Lourido González.

**Segundo.-** Notificar persoalmente ó designado a presente Resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

**3º.-DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 170/2009 DE DATA 6 DE MARZO DE 2009.-**

Acto seguido, dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 179/2009 de 6 de marzo de 2009 que transcrito literalmente di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 170 /2009**

Resultando que por Resolución desta Alcaldía número 626/2007, da data vinte e sete de xuño de dous mil sete acordouse nomear tenentes de Alcalde aos Concelleiros/a que na mesma se especifican.

Atendido que o Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo, nomeado na Resolución anteriormente citada segundo tenente de Alcalde, renunciou ao seu cargo de Concelleiro desta Corporación, renuncia da que tomou coñecemento o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada en data 5 de marzo de 2009.

Considerando que por Resolución núm . 169/2009, do día da data , en uso das atribucións que legalmente lle están conferidas, procedeu ao nomeamento do Concelleiro Don Juan Manuel Lourido González como membro da Xunta de Goberno Local.

Considerando esta Alcaldía oportuno proceder ao nomeamento dun novo Tenente de Alcalde á vista da renuncia do Sr. Noceda Carballo así como modificar a orde de nomeamentos dos Tenentes de Alcalde efectuada por Resolución número 62672007, de 27 de xuño de 2007.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de decembro, de Administración Local de Galicia e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, os Tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

**RESOLVO:**

**Primeiro-** Modificar a orde de nomeamentos dos Tenentes de Alcalde efectuada por Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2007 polo que afecta ao nomeamento de Don José Antonio López Rodríguez que noméase pola presente Segundo Tenente de Alcalde.

**Segundo.-** Nomear Cuarto de Alcalde ao Concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Don Juan Manuel Lourido González.

**Terceiro.-** Como consecuencia do acordado anteriormente, a orde de momamentos de Tenentes de Alcalde queda do seguinte xeito:

Primeira Tenente de Alcalde: Dona Rita María Couto Seijido.  
Segundo Tenente de Alcalde: Don José Antonio López Rodríguez  
Terceiro Tenente de Alcalde: Don Manuel Polo Gundín  
Cuarto Tenente de Alcalde: Juan Manuel Lourido González

**Cuarto.-** Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

#### **4º.- DACCIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 171/2009 DE DATA 6 DE MARZO DE 2009.-**

Seguidamente, dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 171/2009 de data 6 de marzo de 2009 que, transcrita literalmente di:

##### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 171/2009**

Resultando que por Resolución da Alcaldía núm. 662/2007 , de data 9 de xullo de 2007 creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local concede ao Alcalde.

Resultando que por Resolución desta Alcaldía núm. 663/2007, da mesma data acordóuse efectua-las delegacións xenéricas e específicas das áreas e servicios e a prol dos Concelleiros que na mesma se especifican.

Resultando que por Resolución desta Alcaldía núm. 774/2008, de data 20 de novembro de 2008 conferiuse a delegación especial dos servicios de facenda a prol do Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo.

Atendido que o Concelleiro Don Antón lois Noceda Carballo renunciou ao seu cargo de Concelleiro desta Corporación, renuncia da que tomou coñecemento o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada en data 5 de marzo de 2009.

Considerando esta Alcaldía oportuno proceder a efectuar delegación xenérica da área de Organización e seguridade así como delegacións específicas de determinados servicios integrados en diversas áreas deste Concello.

De conformidade coas atribucións conferidas polos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento

de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de coseguir unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Efectuar a favor do Sr. Concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Don Juan Manuel Lourido González a delegación xenérica da área de organización e seguridade.

Esta delegación suxeitarase ao seguinte réxime xurídico:

- a) Abarcará a facultade de dirixir os servicios correspondentes e xestionalos en xeral, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- b) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento a delegación efectuada seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgala.
- c) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.
- d) Corresponderá á Alcaldía resolve-las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

**Segundo.-** Conferir, de conformidade co disposto no artigo 43.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais as seguintes delegacións especiais a prol dos Sres/as Concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servicios que igualmente se sinalan:

- Conferi-la delegación dos servicios de información cidadá, páxina web e radio municipal ( integrados na área de organización e seguridade) a Dona María Carmen Silvar Canosa.
- Conferi-la delegación dos servicios de facenda ( facenda, estadística e patrimonio) ( integrados na área de facenda e promoción económica) a Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.

**Terceiro.-** Modifica-la delegación especial efectuada a prol do Concelleiro do Manuel Vicente Pico Sanmartín por Resolución de data 9 de xullo de 2007, e conferir ,de conformidade co disposto no artigo 43.5 do R.O.F. a prol do citado Concelleiro, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín a delegación dos servicios de seguridade ( seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, protección civil e policía local) (integrados na área de Organización e Seguridade)

**Cuarto.-** As delegacións especiais efectuadas nos apartados segundo e terceiro da presente enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servicios, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o/s servicio/s terá a facultade de supervisa-la actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.

**Quinto.-** O resto das delegacións xenéricas e especiais conferidas por Resolución desta Alcaldía núm. 663/2007, de data 9 de xullo de 2007 non afectadas polo acordado nos apartados anteriores mantéñense.

**Sexto.-** A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da Provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, d e 28 de novembro. Así mesmo, esta Resolución será notificada ós/as interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

#### **5º.- DACCION DE CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS.-**

A continuación dáse conta do escrito do voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE de data 14 de marzo de 2009 (entrada: 23 de marzo de 2009; núm: rexistro 3609) sobre nomeamento de representates en órganos colexiados.

#### **6º.-DACCION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-**

A continuación dáse conta das resolucións da alcaldía comprendidas entre a núm. 155/2009 de 2 de marzo de 2009 e a núm. 232/2009 de 30 de marzo de 2009.

#### **7º.-MOCIÓNS URXENTES.-**

Non se presenta ningunha.

#### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido di que quere saber se é certo que no último pleno da Deputación non se aprobou o proxecto de abastecemento de auga na Avda. Naturais e na Fraga por falta de documentación; pregunta tamén polas deficiencias no proxecto de parques infantís; di que quere saber se atenderán á petición dos veciños da rúa Maroño, que solicitan que a rúa pase de catorce metros a once; di que verbo do aglomerado da Nacional VI pregunta se teñen coñecemento de que se comenzou a aglomerar na gasoleira e se deixou o centro de Fene; pregunta se hai previsión de que se abonen as subvencións ás sociedades; que quere saber se a Deputación vai destinar un remanente ao Plan complementario ao Fondo Estatal de Inversión Local e qué cantidade lle correspondería a Fene; pregunta cál foi o motivo do cambio da periodicidade dos pagos a Sedega, pois se pasou do pago mensual ó abono cada dous meses; manifesta que ten coñecemento pola prensa de que na piscina municipal a barandilla de acceso ó vaso estaba no almacén, pois segundo a Concelleira estaba pendente de informe

técnico, pregunta se é preciso dito informe para a súa colocación; di que respecto da última polémica sobre o retraso na concesión de licencias, quere preguntar si se mantén o dito na prensa.

Continúa o Sr. Galego Feal e manifesta verbo do parque de Vilanova, que non teñen as actas dos Plenos anteriores onde se dixo que era unha cesión permanente e perpetua; que quere saber por qué se lles minte, pois agora é sabedor de que é unha cesión en precario; que quere manifestar que van tira-lo diñeiro debaixo da autopista; pregunta si se van a inicia-las obras do campo de fútbol de Perlío.

O Sr. Galego Feal roga que se fagan as actas do Pleno; que se coloque as bombillas na Rúa Malvar; que se atendan ás queixas dos veciños verbo dos coches da autoescola; e finalmente di que felicita ao Partido Popular polas obras de pintado da Nacional VI, pois o que se fixo agora foi obxecto dunha moción do Partido Popular presentada hai catro anos, aínda que rexeitada polo PsdeG-PSOE.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que quere facer uns apuntes verbo da intervención do Sr. Galego Feal; di que lle recomenda que lea as actas dese tempo, xa que cando o Partido Popular presentou esa moción o PsdeG-PSOE non dixo que non se fixera, senón que formulou unha enmenda á que o PP se opuxo, motivo polo que o grupo socialista non apoiou esa moción; que en todo caso, o seu goberno negociou nos últimos anos con Estradas do Estado para facer ese pintado; que en canto ó ancho da estrada na rúa Maroño, é un tema que ven de antigo; que esa solicitude dos veciños foi transmitida á Xunta; que no PXOM establécese que é de 14 metros; que a resposta da COTOP foi a de reduci-lo dominio público; que, polo tanto, no caso de tramitar unha modificación puntual, a Xunta xa lles trasladou que a iban desestimar; que en canto ás subvencións ás sociedades, hai unhas pagadas e outras pendentes, e que espera que na maior brevidade posible poidan pagarse; que sobre o tema da Deputación no Plan anticrise, o que lles anunciaron foi que lle correspondería ao Concello de Fene ó redor de cento vinte mil euros para cada partida; que verbo dos pagos a Sedega fai tempo que se lle ven pagando a dous meses.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e manifesta que en relación co dito sobre o retraso das licenzas o que manifestou sempre foi que unhas licenzas se tramitan nunha serie de meses, pois son licenzas que non teñen trabas, e sen embargo, hai outras que requiren documentación e que ademais de ser tramitadas municipalmente requiren tramitación automática; que o goberno é consciente de que ten que reduci-los prazos en tramitación de licenzas; que está previsto no orzamento unha plaza de Técnico da Administración Xeral para que haxa unha persoa que se adique exclusivamente a iso; que o goberno tamén fala de incorporar persoal administrativo á área urbanística; que con iso tamén responde ó tema das actas, pois hai un retraso administrativo, motivado pola tramitación dos expedientes de contratación do Fondo Estatal de Investimento Local; que espera que con contratacións temporais se poida paliar esta situación. Di que sobre o tema do parque baixo o viaducto o que o goberno manifestou foi que había unha concesión á perpetuidade; que esa cesión, como case sempre que se produce entre administracións, é en precario; que estarán de acordo con él en que a probabilidade de que Fomento o pida é moi improbable; que ademais neste caso, aos veciños se lles expropiaron os terreos para a autopista, polo que Fomento non poder ceder os terreos en propiedade.

A continuación pide o uso da palabra ao Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que unha cousa é a cesión e outra cousa é o precario.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, e dille o Sr. Galego Feal que non acuse ó goberno de mentir, porque non o fixo en ningún caso.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, en canto o tema do campo de fútbol, está previsto convocar unha mesa de contratación para despois de Semana Santa; que discrepa do PP en que a obra ten que comezar de inmediato, pois considera que o mellor momento é o verán, ao rematar en maio as competicións; que xa se atopa todo encamiñado para que a obra se poida realizar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que non ten constancia de que a Deputación lle requerise algo referido a Naturais e Fraga.

Deseguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido manifesta que ao respecto da barandilla da piscina municipal ten que dicir que non é unha deixadez, que non está en ningún almacén; que sempre se ten en conta o que aconsellen os técnicos municipais, e que o que se comentou foi que era preciso baixar o nivel da auga para coloca-la barandilla; que hai dezaseis anos que funciona a piscina e que non entende a qué ven a presa para colocala agora, pero que quere informar que xa foi colocada está mañá.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente, quen di quere engadir que non é certo o dito polo Partido Popular de que a área de urbanismo se atope paralizada; que a tramitación das licenzas pode ir máis rápido ou máis lento; que o seu obxectivo é axilizala e melloralala e repite que non se atopa paralizada.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que lle parece triste que o Sr. Galego Feal se felicite polo de Rego da Moa, porque esa obra se pediu durante moitos anos cando o Partido Popular gobernaba en Madrid, e nunca fixo nada; que a Deputación ten un proxecto para suprimir ese cruce.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que un dos problemas con que se atopa no tema das subvencións é co da xustificación das mesmas; que quere resaltar o apoio da Concellería de Cultura a tódalas sociedades; que felicita aos traballadores de cultura polo seu traballo; que algunhas entidades xa están presentando a documentación; que se están a realizar algúns pagos, aínda que todavía quedan partes, en concreto as máis elevadas, pero que se atopan no último trámite para realiza-lo pago.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que varias das preguntas que traía ó Pleno xa foron contestadas; que quere comunicarlle ao goberno municipal que en lugar de saír tanto na prensa, deberían organizar a súa casa, pois están a sacar cousas que non fan, como a senda de Fene a Mugardos e o porto de Barallobre.

Continúa dicindo que as licenzas levan doce ou catorce meses para concedelas e que iso non pode ser; que a un veciño que paga unha casa de aluguer non lle fai gracia; que os que están a gobernar son os responsables destes retrasos; que a última acta que chega á comisión de urbanismo é do tres de outubro; que verbo dos Plenos, non saben cómo están as actas; que no anterior grupo de goberno eran seste e non se producían



estes retrasos; que os veciños non aguantan moito esta situación; que é moito máis importante solucionar esos problemas que ter tres cargos de confianza.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que as cousas hai que proxectalas e logo realizalas; que cando finalicen os catro anos pide a todo o mundo xulga-la acción do goberno; que non comparte que se diga que se anuncian cousas que non son reais; que cando se fala do porto ou da senda , non se fala no aire, senón de proxectos concretos e comprometidos; que en canto ó porto de Barallobre o que hai é un documento de Portos do Estado, e que ademáis portos de Galicia decidiu impulsa-la mellora do mesmo; que o responsable de portos foi a Cofradía á recolle-las suxerencias; que a tramitación estase a realizar por Portos do Estado e Portos de Galicia; que esta información é a que saíu na prensa.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, en relación co tema do retraso nas licenzas urbanísticas, se están a buscar medidas para solucionar este problema, entre elas a creación dunha praza, pero debido ós trámites esixidos pola lei, eso leva tempo; que se aprobou o orzamento do ano pasado, consignouse a praza, agora hai que elabora-las bases, facer un proceso selectivo público, facer un exame, e dar a praza en propiedade; que éstos son os trámites da administración; que si os puidera facer máis rápido os faría, pero nese caso estarían debatindo no Pleno a contratación ilegal dunha persoa; que o Goberno asume a súa responsabilidade e actúa en defensa dos veciños.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido pregunta por qué antes se facían as cousas e agora non.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e, manifesta que discrepa en que exista un antes e un despois na tramitación das licencias a partir do ano dous mil sete; que é un problema falado no pleno agora e cando o goberno era outro, e que se puxeron en marcha diferentes medidas para solucionar este atasco que existe no Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezaioito horas e cincuenta e tres minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.